

SERVIZO DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

CONSULTAS FRECUENTES SOBRE AS ENSINANZAS DAS EOI

ACTIVIDADE LECTIVA

- **Cando rematan as clases telemáticas?**

O 29 de maio

- **O alumnado de nivel C2 poderá volver ás clases a partir do 25 de maio?**

Non está prevista a volta ás clases presenciais no que queda de curso.

CURSOS DE PROMOCIÓN

- **Como vai ser avaliado o alumnado dos cursos de promoción?**

Con carácter excepcional aplicarase a avaliación continua para os cursos non conducentes a certificación oficial.

Para a obtención da cualificación do alumnado teranse en conta os resultados obtidos na proba parcial de progreso, así como a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula. As valoracións das actividades realizadas telematicamente durante o estado de alarma teranse en conta exclusivamente para aumentar a cualificación que tiña o alumnado antes da suspensión das clases presenciais polo estado de alarma.

A cualificación do alumnado, así como as decisións de promoción serán competencia do profesorado que imparta docencia en cada curso. Na decisión de promoción, o profesorado terá en conta as posibilidades do alumnado para cursar con aproveitamento o curso seguinte.

- **Que pasa co alumando non apto nos cursos intensivos do 1º cuadrimestre que non pode facer a proba extraordinaria en xuño?**

Ao tratarse de cursos de promoción, o profesorado poderá realizar actividades telemáticas de recuperación no mes xuño.

- **Cando se van publicar as notas do alumnado dos cursos de promoción?**

A data límite para a publicación das cualificación deste alumnado será o 26 de xuño.

- **Se un alumno suspende, terá recuperación?**

A recuperación das actividades de lingua non superadas realizarase no mes de setembro.

- **Pódese renunciar á promoción?**

O alumnado que non estea conforme coa proposta de promoción poderá optar por repetir o curso no que estaba matriculado no 2019-2020. Para isto deberá asinar o documento de renuncia á promoción no prazo de 3 días hábiles dende a publicación da súa cualificación.

- **O alumnado que renuncie á promoción terá que someterse de novo ao proceso de preinscrición?**

Este alumnado non terá que someterse de novo ao proceso de preinscrición, senón que deberá matricularse no prazo que se estableza na correspondente circular de admisión.

- **E terá dereito á devolución de taxas?**

Esta renuncia non suporá a devolución das taxas de matrícula aboadas.

- **O alumnado que promociione, poderá ser reasignado a un nivel inferior no vindeiro curso?**

Si, ao inicio do vindeiro curso, por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo, este alumnado poderá ser reasignado de novo ao curso dende o que promocionou. O/A alumno/a deberá asinar o documento de aceptación da reasignación.

CERTIFICACIÓN

- **Que criterios se aplicarán para a avaliación dos cursos de certificación?**

A avaliación do alumnado dos cursos conducentes a certificación realizarase de acordo cos principios e criterios establecidos no [Real Decreto 1/2019](#) e na [Circular 8/2019](#). É dicir, mediante unha proba de certificación.

- **Cando se van realizar as probas?**

O novo calendario de probas de certificación establecerase para cando as circunstancias sanitarias permitan a súa realización. A convocatoria ordinaria non se realizará en ningún caso antes do mes de setembro.

- **Como van ser as probas?**

As características das probas de cada un dos niveis (A2, B1, B2, C1 e C2) recóllense na correspondente *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación*, que se publicaron como anexos da [Circular 1/2020](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan para o curso 2019-2020 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

ALUMNADO LIBRE

- **Abrirase un novo prazo de matrícula para o alumnado libre que non se matriculou no prazo establecido na Circular 1/2020? Cando?**

A convocatoria na modalidade libre, cuxo proceso de matriculación quedou paralizado tras a declaración do estado de alarma, retomárase cando as circunstancias sanitarias o permitan. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa trasladaralles ás escolas o novo prazo de matrícula coa antelación suficiente, para que o fagan público a través das súas páxinas web e taboleiros de anuncios.

– **Cando serán as probas para o alumando libre?**

O novo calendario de probas de certificación establecerase para cando as circunstancias sanitarias permitan a súa realización. A convocatoria para o alumnado libre non se realizará en ningún caso antes do mes de setembro.

– **O alumnado xa matriculado, pode renunciar á matrícula se non está conforme coas novas datas das probas?**

O alumnado xa matriculado poderá renunciar á matrícula, se así o desexa, e solicitar a devolución das taxas aboadas.

– **Que prazo terá para facelo?**

Esta renuncia poderase formalizar ata quince días antes da data que se estableza para o inicio das probas.

RENUNCIA (ALUMNADO OFICIAL)

– **A renuncia á matrícula computa para os efectos de permanencia?**

Non, a renuncia non computará para os efectos de permanencia no curso e nivel correspondente.

– **Ata cando se pode renunciar á matrícula?**

O alumnado poderá solicitarlle ao centro a renuncia de matrícula no curso 2019-2020 ata o 30 de xuño de 2020.

– **O alumnado que renuncie terá que someterse de novo ao proceso de preinscrición?**

Non, o alumnado que renuncie á matrícula nestas circunstancias e desexe continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas como alumno/a oficial no curso 2020-2021, no mesmo curso e nivel en que estivera matriculado, non deberá someterse de novo ao proceso de preinscrición, senón que deberá matricularse no prazo que se estableza na correspondente circular de admisión.

– **As persoas que renunciem teñen dereito á devolución das taxas?**

A devolución de taxas non está prevista, pois o alumnado oficial tivo actividade lectiva presencial ata 13 de marzo de 2020. Dende esa data, os equipos directivos e o profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia seguiron traballando para desenvolver a actividade educativa de forma telemática, procurando que o alumnado puidese continuar coa súa formación durante esta situación de excepción. Polo tanto, tendo en conta que o servizo non deixou de prestarse ao longo dos meses en que se suspendeu a actividade lectiva presencial, non está prevista a devolución dos prezos públicos aboados.

PERMANENCIA

- **Ao alumnado que non renuncie ou que non promocióne computaralle este curso para os efectos de permanencia?**

Con carácter excepcional, ampliarase nun ano o límite de permanencia en cada un dos niveis destas ensinanzas para o alumnado afectado polas circunstancias deste curso escolar. Polo tanto, este curso non se terá en conta nos límites de permanencia para ningún/ha alumno/a oficial.

THAT'S ENGLISH

- **Como vai ser avaliado o alumnado dos módulos de promoción?**

A avaliación do alumnado de That's English que teña pendente algún dos módulos non conducentes a certificación farase a partir dos datos obtidos das actividades desenvolvidas por este ao longo do seu proceso de aprendizaxe.

No caso de que o profesorado non dispoña de datos suficientes para avaliar este alumnado, poderá realizar tamén, ao longo de mes de xuño, probas e actividades telemáticas que lle permitan obter unha cualificación.

- **O alumnado que non supere algún destes módulos poderá recuperalo?**

A recuperación dos módulos non superados realizarase no mes de setembro.

- **Como vai ser avaliado o alumnado dos módulos de certificación?**

O alumnado dos módulos 4, 8 e 12 realizará as correspondentes probas de certificación nos calendarios que se establezan para a convocatoria ordinaria e extraordinaria.

CALC E CUALE

- **Abrirase un novo período de matrícula para o alumnado destes cursos que non puido formalizar a matrícula no prazo establecido na circular 1/2020?**

Establecerase un novo prazo para a formalización da matrícula do alumnado dos cursos CALC, Cuale e cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI que non puidese formalizala no prazo establecido na Circular 1/2020, que quedou suspendido pola declaración do estado de alarma. Este prazo farase público nas páxinas web e taboleiros de anuncios das EOI coa antelación suficiente á realización das probas.

- **Cando realizará as probas o alumnado destes cursos?**

O alumnado destes cursos realizará as probas nas mesmas datas que o alumnado oficial. O novo calendario de probas de certificación establecerase para cando as circunstancias sanitarias permitan a súa realización. A convocatoria ordinaria non se realizará en ningún caso antes do mes de setembro.

MATRÍCULA CURSO 2020/21

– **Cando se vai abrir o prazo de matrícula para o vindeiro curso?**

Os períodos de preinscrición e matrícula para o vindeiro curso estableceranse, como cada ano, na circular de matrícula que publicará a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Estes prazos estableceranse tendo en conta as circunstancias derivadas da situación sanitaria.

– **Poderase realizar a matrícula en liña?**

O procedemento para a preinscrición e a matrícula establecerase na dita circular. En todo caso, procurarase facilitar a tramitación da matrícula evitando a presencialidade no centro educativo por medio de procedementos telemáticos.